

# XEFATURA DO ESTADO

**8865** *LEI 5/2001, do 8 de maio, sobre concesión dun suplemento de crédito, por importe de 4.866.309.925 pesetas, para o pagamento de retribucións, establecidas en diversas sentencias firmes, dictadas a favor das persoas encargadas do ensino da relixión católica nos colexios públicos. («BOE» 111, do 9-5-2001.)*

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban tódolos que a viren e a entederen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei.

## EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O 20 de maio de 1993 foi subscrito en Madrid un convenio entre o Ministerio de Educación e Ciencia, o de Xustiza e a Conferencia Episcopal Española, sobre o réxime económico das persoas encargadas do ensino da relixión católica nos centros públicos de educación primaria.

Na cláusula 3.<sup>a</sup> do devandito convenio sinalábase que o importe económico de cada hora de relixión tería o mesmo valor que a retribución real por hora de clase de calquera materia impartida por un profesor interino do mesmo nivel.

Non obstante, na cláusula 5.<sup>a</sup> do citado convenio establecíase que a equiparación económica á retribución por hora de clase impartida polos profesores interinos do nivel correspondente debía alcanzarse en cinco exercicios orzamentarios, se ben a citada cláusula non se cumpriu nos seus propios termos.

Isto orixinou que diverso profesorado de relixión de centros de ensino primario promovese recursos ante os tribunais de xustiza, que deron lugar a sentencias estimatorias ó seu favor.

Actualmente están pendentes de execución 20 sentencias que afectan a 887 profesores e que, segundo valoración efectuada pola Dirección Xeral de Persoal e Servizos do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte, supoñen retribucións e xuros pendentes de pagamento por un importe de 4.866.309.925 pesetas.

Para atende-las obrigas derivadas de sentencias xudiciais firmes que recoñecen o dereito dos recorrentes a percibiren retribucións e xuros pendentes, tramítase este suplemento de crédito.

### Artigo 1. *Concesión dun suplemento de crédito.*

Concédesse un suplemento de crédito, por un importe de 4.866.309.925 pesetas, ó orzamento en vigor da sección 18 «Ministerio de Educación, Cultura e Deporte», servizo 04 «Dirección Xeral de Programación Económica, Persoal e Servizos», programa 422A «Educación infantil e primaria», capítulo 1 «Gastos de persoal», artigo 13 «Laborais», concepto 131 «Laboral eventual».

### Artigo 2. *Financiamento do suplemento de crédito.*

O suplemento de crédito a que se refire o artigo anterior financiarase con débeda pública, de acordo co establecido no artigo 101 do texto refundido da Lei xeral orzamentaria, aprobado polo Real decreto lexislativo 1091/1988, do 23 de setembro.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Esta lei entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Por tanto,

Mando a tódolos españois, particulares e autoridades, que cumpran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 8 de maio de 2001.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,  
JOSÉ MARÍA AZNAR LÓPEZ

**8866** *LEI 6/2001, do 8 de maio, de modificación do Real decreto lexislativo 1302/1986, do 28 de xuño, de avaliación de impacto ambiental. («BOE» 111, do 9-5-2001.)*

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban tódolos que a viren e a entederen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei.

## EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Un dos principios básicos que debe informar toda política ambiental é o da prevención. Pola dita razón, os sucesivos programas das Comunidades Europeas sobre o ambiente viñeron insistindo en que a mellor maneira de actuar nesta materia é tratar de evitar, con anterioridade á súa produción, a contaminación ou os danos ecolóxicos, máis que combater posteriormente os seus efectos.

Neste sentido, a Directiva 85/337/CEE, do Consello, do 27 de xuño, relativa á avaliación das repercusións de determinados proxectos públicos e privados sobre o ambiente, representou o instrumento xurídico que mellor resposta daba a esta necesidade, integrando a avaliación de impacto ambiental na programación e execución dos proxectos dos sectores económicos de maior importancia, en consonancia co que establece o actual artigo 6 do Tratado Constitutivo da Comunidade Europea, segundo o cal as esixencias da protección do ambiente deben incluírse na definición e na realización das demais políticas e accións da Comunidade, co obxecto de fomentar un desenvolvemento sustentable.

A citada directiva comunitaria considera, entre outros aspectos, que os efectos dun proxecto sobre o ambiente deben avaliarse para protexe-la saúde humana, contribuír mediante un mellor contorno á calidade de vida, velar polo mantemento da diversidade de especies e conserva-la capacidade de reprodución do sistema como recurso fundamental da vida.

A incorporación da Directiva 85/337/CEE ó Dereito interno estatal efectuouse mediante norma con rango de lei, ó aprobarse o Real decreto lexislativo 1302/1986, do 28 de xuño, de avaliación de impacto ambiental, os preceptos do cal teñen o carácter de lexislación básica estatal, a teor do disposto no artigo 149.1.23.<sup>a</sup> da Constitución, sendo obxecto de desenvolvemento polo Real decreto 1131/1988, do 30 de setembro, que aprobou o Regulamento para a execución do real decreto lexislativo citado.

Pola súa parte, as comunidades autónomas, de acordo coas competencias que lles recoñecen os respectivos estatutos de autonomía, desenvolveron a normativa básica de avaliación de impacto ambiental, ben mediante leis formais ou ben mediante disposicións regulamen-

tarias, mesmo ampliando, en exercicio das devanditas competencias, o ámbito material de aplicación da citada normativa.

Con posterioridade, a Directiva 97/11/CE, do Consello, do 3 de marzo, pola que se modifica a Directiva 85/337/CEE, introduciu diversas disposicións destinadas a clarificar, completar e mellora-las normas relativas ó procedemento de avaliación, que conteñen catro modificacións principais.

En primeiro lugar, a Directiva 97/11/CE amplía substancialmente o anexo I (proxectos suxeitos a avaliación de impacto obrigatoria), ó mencionar 21 categorías de proxectos na vez dos nove relacionados na Directiva 85/337/CEE. En segundo lugar, modifica o artigo 4, coa introducción dun procedemento que, baseándose nos criterios de selección do anexo III, permita determinar se un proxecto do anexo II debe ser obxecto de avaliación mediante un estudio caso por caso ou mediante limiares ou criterios fixados polos estados membros. En terceiro lugar, innova o artigo 5, posibilitando que, se o promotor ou titular do proxecto o solicita, a autoridade competente facilite a súa opinión sobre o contido e alcance da información que aquel debe subministrar. E, por último, incorpora á lexislación comunitaria, polo que se refire ás relacións entre estados membros, as principais disposicións do convenio sobre avaliación de impacto no ambiente nun contexto transfronteirizo, feito en Espoo (Finlandia) e ratificado por España o 1 de setembro de 1997.

O principal obxectivo destas puntuais modificacións, en especial do artigo 4, en liña coa xurisprudencia comunitaria establecida a partir da sentenza do 2 de maio de 1996, do Tribunal de Xustiza das Comunidades Europeas, é elimina-las incertezas existentes sobre o alcance da transposición do denominado anexo II, ó confirmar que os estados non poden eximir por anticipado do procedemento de avaliación de impacto ambiental a bloques ou grupos enteiros de proxectos incluídos no citado anexo. Pola dita razón, de non establecerse, respecto deles, limiares ou criterios que permitan coñecer a priori se é ou non necesaria a mencionada avaliación, a súa determinación debe facerse mediante un estudio caso por caso.

Para dar cumprimento ó mandato comunitario, e sen prexuízo de que nun futuro próximo sexa necesario regular as avaliacións estratéxicas de plans e programas, dado que xa existe no ámbito comunitario unha proposta de directiva sobre a que o pasado 30 de marzo se adoptou a posición común (CE) 25/2000, esta lei ten por obxecto incorporar plenamente ó noso dereito interno a Directiva 85/337/CEE, coas modificacións introducidas pola Directiva 97/11/CE.

Con este fin, modifícase o artigo 1 do Real decreto legislativo 1302/1986, incluíndo xunto á avaliación de impacto ambiental obrigatoria de determinados proxectos, que se incorporan no anexo I, a daqueles outros proxectos incluídos no anexo II que se someterán ou non a avaliación de impacto ambiental tras un estudio que debe facerse caso por caso, en función dos criterios específicos que no texto se detallan.

Igualmente, en aplicación das modificacións establecidas na nova Directiva comunitaria, o artigo 2 regula expresamente a posibilidade de solicitar con carácter previo á súa elaboración a opinión do órgano ambiental en relación co alcance do estudio de impacto ambiental, e o artigo 6 introduce as novas esixencias establecidas para a avaliación de impacto ambiental de proxectos nun contexto transfronteirizo.

Pola súa parte, inclúense no artigo 5 do Real decreto legislativo os cambios necesarios para adapta-la lexislación estatal ós criterios recollidos na sentenza do Tribunal Constitucional do 22 de xaneiro de 1998, que

esixe a necesaria colaboración entre as distintas administracións públicas no exercicio das súas respectivas competencias. De igual maneira, no novo número 2 do artigo 1 prevese que as comunidades autónomas, ó amparo das súas competencias normativas en materia de ambiente, poidan establecer respecto dos proxectos do anexo II a obriga de os someter a avaliación de impacto ambiental ou fixar para eles limiares de conformidade cos criterios específicos do anexo III, facendo innecesario desta forma o estudio caso por caso.

**Artigo único.** *Modificacións que se introducen no Real decreto legislativo 1302/1986, do 28 de xuño, de avaliación de impacto ambiental.*

Un. Modifícanse os artigos 1, 2, 4.2, 5, 6 e 7, e engádense os artigos 8 bis e 8 ter no Real decreto legislativo 1302/1986, do 28 de xuño, de avaliación de impacto ambiental, que quedan redactados nos seguintes termos:

«Artigo 1.

1. Os proxectos, públicos ou privados, consistentes na realización das obras, instalacións ou de calquera outra actividade comprendida no anexo I deste real decreto legislativo deberán someterse a unha avaliación de impacto ambiental na forma prevista nesta disposición.

2. Os proxectos, públicos ou privados, consistentes na realización das obras, instalacións ou de calquera outra actividade comprendida no anexo II deste real decreto legislativo só deberán someterse a unha avaliación de impacto ambiental na forma prevista nesta disposición, cando así o decida o órgano ambiental en cada caso. A decisión, que debe ser motivada e pública, axustarase ós criterios establecidos no anexo III.

O establecido no parágrafo anterior non será de aplicación a aqueles proxectos para os que a normativa das comunidades autónomas, no ámbito das súas competencias, ben esixa avaliación de impacto ambiental, en todo caso, ben fíxase limiares, de acordo cos criterios do anexo III, para determinar cando os devanditos proxectos deben someterse a avaliación de impacto ambiental.

Artigo 2.

1. Os proxectos que, segundo o artigo 1 do presente real decreto legislativo, teñan que se someter a avaliación de impacto ambiental deberán incluír un estudio de impacto ambiental que conterá, alomenos, os seguintes datos:

a) Descrición xeral do proxecto e esixencias previsibles no tempo, en relación coa utilización do solo e doutros recursos naturais. Estimación dos tipos e cantidades de residuos vertidos e emisións de materia ou enerxía resultantes.

b) Unha exposición das principais alternativas estudiadas e unha xustificación das principais razóns da solución adoptada, tendo en conta os efectos ambientais.

c) Avaliación dos efectos previsibles directos ou indirectos do proxecto sobre a poboación, a fauna, a flora, o solo, o aire, a auga, os factores climáticos, a paisaxe e os bens materiais, incluído o patrimonio histórico artístico e o arqueolóxico.

d) Medidas previstas para reducir, eliminar ou compensa-los efectos ambientais significativos.

e) Programa de vixilancia ambiental.

f) Resumo do estudio e conclusións en termos facilmente comprensibles. Informe, se é o caso, das

dificultades informativas ou técnicas encontradas na súa elaboración.

2. A Administración porá ó dispor do titular do proxecto os informes e calquera outra documentación que conste no seu poder cando resulte de utilidade para a realización do estudo de impacto ambiental.

Así mesmo, o órgano ambiental daralle ó titular do proxecto, por solicitude deste, a súa opinión en canto ó alcance específico, atendendo a cada tipo de proxecto, do estudo sinalado no número 1.

3. Os titulares de proxectos comprendidos no anexo II deberán presentar ante o órgano ambiental a documentación acreditativa das características, localización e potencial impacto do proxecto, co fin de que o dito órgano poida adopta-la decisión a que se refire o artigo 1.2.»

«Artigo 4.2.

No suposto de discrepancia entre ámbolos órganos, resolverá, segundo a Administración que tramitase o expediente, o Consello de Ministros ou o órgano de goberno da comunidade autónoma correspondente ou, se é o caso, o que a dita comunidade determinase.»

«Artigo 5.

1. Para efectos do establecido neste real decreto legislativo e, se é o caso, na lexislación das comunidades autónomas, o Ministerio de Medio Ambiente será órgano ambiental en relación cos proxectos que deban ser autorizados ou aprobados pola Administración xeral do Estado.

2. Cando se trate de proxectos distintos dos sinalados no número 1, será órgano ambiental o que determine cada comunidade autónoma no seu respectivo ámbito territorial.

3. Cando lle corresponda á Administración xeral do Estado formula-la declaración de impacto ambiental, será consultado preceptivamente o órgano ambiental da comunidade autónoma onde se sitúe territorialmente o proxecto.

Artigo 6.

1. Cando un proxecto poida ter repercusións significativas sobre o ambiente doutro estado membro da Unión Europea, seguirase o procedemento regulado no convenio sobre avaliación de impacto no ambiente nun contexto transfronteirizo, feito en Espoo (Finlandia) o 25 de febreiro de 1991, ratificado por España o 1 de setembro de 1997.

2. Para os efectos previstos no número anterior, o órgano ambiental que interveña na avaliación de impacto ambiental dos ditos proxectos relacionarase co estado afectado a través do Ministerio de Asuntos Exteriores.

Artigo 7.

Correspóndelles ós órganos competentes por razón da materia ou ós órganos que, se é o caso, designen as comunidades autónomas respecto ós proxectos que non sexan de competencia estatal o seguimento e vixilancia do cumprimento da declaración de impacto. Sen prexuízo diso, o órgano ambiental poderá recadar información daqueles ó respecto, así como efectua-las comprobacións necesarias para verifica-lo cumprimento do condicionado.»

«Artigo 8 bis.

1. Sen prexuízo das infraccións que, se é o caso, poidan establece-las comunidades autóno-

mas, as infraccións en materia de avaliación de impacto ambiental no caso de proxectos privados clasifícanse en moi graves, graves e leves.

2. Son infraccións moi graves:

a) O inicio da execución dun proxecto que debe someterse a avaliación de impacto ambiental, de acordo co anexo I, incumprindo o dito requisito.

b) O inicio da execución dun proxecto recollido no anexo II, que deba someterse a avaliación de impacto ambiental, de acordo co artigo 1.

3. Son infraccións graves:

a) A ocultación de datos, o seu falseamento ou manipulación maliciosa no procedemento de avaliación.

b) O incumprimento das condicións ambientais en que debe realizarse o proxecto de acordo coa declaración de impacto ambiental, así como as correspondentes medidas protectoras e correctoras.

c) O incumprimento das ordes de suspensión da execución do proxecto.

d) O incumprimento da obriga de solicita-lo parecer do órgano ambiental, que se impón no número 2 do artigo 1, ós promotores de proxectos do anexo II.

e) O incumprimento por parte dos promotores dos proxectos do anexo II da obriga de subministra-la documentación sinalada no número 3 do artigo 2.

4. É infracción leve o incumprimento de calquera das previsións contidas neste real decreto legislativo, cando non estea tipificada como moi grave ou grave, de acordo cos números anteriores ou coas normas aprobadas conforme a aquel.

5. Unha vez iniciado o procedemento sancionador, o órgano competente para resolver poderá, en calquera momento e mediante acordo motivado, dispo-la suspensión da execución do proxecto e adoptar outras medidas de carácter provisional que aseguren a eficacia da resolución final que puidese recaer.

Artigo 8 ter.

1. As infraccións tipificadas no artigo anterior darán lugar á imposición das seguintes sancións:

a) No caso de infracción moi grave: multa desde 40.000.001 ata 400.000.000 de pesetas.

b) No caso de infraccións graves: multa desde 4.000.001 ata 40.000.000 de pesetas.

c) No caso de infraccións leves: multa de ata 4.000.000 de pesetas.

2. As sancións imporanse atendendo ás circunstancias do responsable, grao de culpa, reiteración, participación e beneficio obtido e grao do dano causado ó ambiente ou do perigo en que se expuxese a saúde das persoas.

3. O establecido neste artigo enténdese sen prexuízo das competencias das comunidades autónomas na materia.»

Dous. Introdúcese unha nova disposición derradeira terceira no Real decreto legislativo 1302/1986, do 28 de xuño, de avaliación de impacto ambiental, co seguinte contido:

«Terceira. Este real decreto legislativo ten o carácter de lexislación básica sobre protección do ambiente, de acordo co establecido no artigo 149.1.23.<sup>a</sup> da Constitución.»

Tres. O anexo do Real decreto legislativo 1302/1986, do 28 de xuño, de avaliación de impacto ambiental, substitúese polo anexo I e introdúcense dous novos anexos, II e III, cos contidos que figuran a continuación da presente lei.

**Disposición adicional primeira.**

O disposto nesta lei entenderase sen prexuízo das atribucións doutros departamentos ministeriais no ámbito das súas respectivas competencias.

**Disposición adicional segunda.**

A disposición derradeira segunda da Lei 46/1999, do 13 de decembro, de modificación da Lei 29/1985, do 2 de agosto, de augas, queda redactada como segue:

«No prazo de dous anos, a partir da entrada en vigor desta lei, o Goberno dictará un real decreto legislativo no que se refunda e adapte a normativa legal en materia de augas existente.»

**Disposición transitoria única. Procedemento en curso.**

Esta lei non se aplicará ós proxectos privados que á súa entrada en vigor se encontren en trámite de autorización administrativa.

Así mesmo, non se aplicará ós proxectos públicos que fosen xa sometidos a información pública nin ós que, non estando obrigados a someterse ó dito trámite, fosen xa aprobados.

**Disposición derradeira única. Entrada en vigor.**

Esta lei entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Por tanto,

Mando a tódolos españois, particulares e autoridades, que cumpran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 8 de maio de 2001.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,  
JOSÉ MARÍA AZNAR LÓPEZ

**ANEXO I****Proxectos recollidos no número 1 do artigo 1****Grupo 1. Agricultura, silvicultura, acuicultura e gandería**

a) As primeiras repoboacións forestais de máis de 50 hectáreas, cando entrañen riscos de graves transformacións ecolóxicas negativas.

b) Corta de arboredo con propósito de cambiar a outro tipo de uso do solo, cando non estea sometida a plans de ordenación e afecte unha superficie maior de 20 hectáreas. No se inclúe neste punto a corta de cultivos arbóreos explotados a quenda inferior a cincuenta anos.

c) Proxectos para destinar terreos incultos ou áreas seminaturais á explotación agrícola intensiva, que impliquen a ocupación dunha superficie maior de 100 hectáreas ou maior de 50 hectáreas no caso de terreos nos que a pendente media sexa igual ou superior ó 20 por 100.

d) Proxectos de xestión de recursos hídricos para a agricultura, con inclusión de proxectos de rega ou de desaugamento de terreos, cando afecten unha superficie maior de 100 hectáreas. Non se inclúen os proxectos de consolidación e mellora de regadíos.

e) Instalacións de gandería intensiva que superen as seguintes capacidades:

- 1.<sup>a</sup> 40.000 prazas para galiñas e outras aves.
- 2.<sup>a</sup> 55.000 prazas para polos.

- 3.<sup>a</sup> 2.000 prazas para porcos de engorda.
- 4.<sup>a</sup> 750 prazas para porcas de cría.
- 5.<sup>a</sup> 2.000 prazas para gando ovino e cabrún.
- 6.<sup>a</sup> 300 prazas para gando vacún de leite.
- 7.<sup>a</sup> 600 prazas para vacún de ceba.
- 8.<sup>a</sup> 20.000 prazas para coellos.

**Grupo 2. Industria extractiva**

a) Explotacións e fronteiras dunha mesma autorización ou concesión a ceo aberto de xacementos minerais e demais recursos xeolóxicos das seccións A, B, C e D, o aproveitamento dos cales está regulado pola Lei de minas e normativa complementaria, cando se dea algunha das circunstancias seguintes:

1.<sup>a</sup> Explotacións nas que a superficie de terreo afectado supere as 25 hectáreas.

2.<sup>a</sup> Explotacións que teñan un movemento total de terras superior a 200.000 metros cúbicos/ano.

3.<sup>a</sup> Explotacións que se realicen por debaixo do nivel freático, tomando como nivel de referencia o máis elevado entre as oscilacións anuais, ou que poden supor unha diminución da recarga de acuíferos superficiais ou profundos.

4.<sup>a</sup> Explotacións de depósitos ligados á dinámica actual: fluvial, fluvio-glacial, litoral ou eólica. Aqueloutros depósitos e turbeiras que polo seu contido en flora fósil poidan ter interese científico para a reconstrucción paleo-xeolóxica e paleoclimática. Explotación de depósitos mariños.

5.<sup>a</sup> Explotacións visibles desde autoestradas, auto-vías, estradas nacionais e comarcais ou núcleos urbanos superiores a 1.000 habitantes ou situadas a distancias inferiores a 2 quilómetros de tales núcleos.

6.<sup>a</sup> Explotacións situadas en espazos naturais protexidos ou nunha área que poida visualizarse desde calquera dos seus límites establecidos, ou que supoñan un menoscabo ós seus valores naturais.

7.<sup>a</sup> Explotacións de substancias que poidan sufrir alteracións por oxidación, hidratación, etc., e que induzan, en límites superiores ós incluídos nas lexislacións vixentes, a acedume, toxicidade ou outros parámetros en concentracións tales que supoñan risco para a saúde humana ou o ambiente, como as menas con sulfuros, explotacións de combustibles sólidos, explotacións que requirían tratamento por lixiviación in situ e minerais radioactivos.

8.<sup>a</sup> Explotacións que estean situadas en terreo de dominio público hidráulico ou en zona de policía dun leito cando se desenvolvan en zonas especialmente sensibles, designadas en aplicación das directivas 79/409/CEE e 92/43/CEE, ou en brañas incluídas na lista do Convenio Ramsar.

9.<sup>a</sup> Extraccións que, mesmo non cumprindo ningunha das condicións anteriores, se sitúen a menos de 5 quilómetros dos límites da área que se prevexa afectar polos labores e as instalacións anexas de calquera explotación ou concesión mineira a ceo aberto existente.

b) Minería subterránea nas explotacións nas que se dea algunha das circunstancias seguintes:

1.<sup>a</sup> Que a súa paraxénese poida, por oxidación, hidratación ou disolución, producir augas ácidas ou alcalinas que dean lugar a cambios no pH ou liberen ións metálicos ou non metálicos que supoñan unha alteración do medio natural.

2.<sup>a</sup> Que exploten minerais radioactivos.

3.<sup>a</sup> Aquelas cuns minados que se atopan a menos de 1 quilómetro (medido en plano) de distancia de núcleos urbanos, que poidan inducir riscos por subsidiencia.

En tódolos casos inclúense tódalas instalacións e estruturas necesarias para o tratamento do mineral, amoreamentos temporais ou residuais de estériles de mina ou do aproveitamento mineralúrxico (entulleiras, presas e balsas de auga ou de estériles, plantas de machucado ou mineralúxicas, etc.).

c) Dragaxes:

1.º Dragaxes fluviais cando se realicen en tramos de leitos ou zonas húmidas protexidas designadas en aplicación das Directivas 79/409/CEE e 92/43/CEE, ou en brañas incluídas na lista do Convenio Ramsar e cando o volume extraído sexa superior a 20.000 metros cúbicos/ano.

2.º Dragaxes mariñas para a obtención de area, cando o volume que se vaia extraer sexa superior a 3.000.000 de metros cúbicos/ano.

d) Extracción de petróleo e de gas natural con fins comerciais, cando a cantidade extraída sexa superior a 500 toneladas por día no caso do petróleo e de 500.000 metros cúbicos por día no caso do gas, por concesión.

*Grupo 3. Industria enerxética*

a) Refinerías de petróleo bruto (coa exclusión das empresas que produzan unicamente lubricantes a partir de petróleo bruto), así como as instalacións de gasificación e de licuefacción de, alomenos, 500 toneladas de carbón de xistos bituminosos (ou de lousa bituminosa) ó día.

b) Centrais térmicas e nucleares:

1.º Centrais térmicas e outras instalacións de combustión con potencia térmica de, alomenos, 300 MW.

2.º Centrais nucleares e outros reactores nucleares, incluídos o desmantelamento ou clausura definitiva de tales centrais e reactores (con exclusión das instalacións de investigación para a produción e transformación de materiais fisionables e fértiles, a potencia máxima das cales non supere 1 kW de carga térmica continua). As centrais nucleares e outros reactores nucleares deixan de considerarse como tales instalacións cando a totalidade do combustible nuclear e doutros elementos radioactivamente contaminados fose retirada de modo definitivo do lugar da instalación.

c) Instalación de reproceso de combustibles nucleares irradiados.

d) Instalacións deseñadas para calquera dos seguintes fins:

1.º A produción ou enriquecemento de combustible nuclear.

2.º O tratamento de combustible nuclear irradiado ou de residuos de alta actividade.

3.º O depósito final do combustible nuclear irradiado.

4.º Exclusivamente o depósito final de residuos radioactivos.

5.º Exclusivamente o almacenamento (proxectado para un período superior a dez anos) de combustibles nucleares irradiados ou de residuos radioactivos nun lugar distinto do de produción.

e) Instalacións industriais para a produción de electricidade, vapor e auga quente con potencia térmica superior a 300 MW.

f) Tubaxes para o transporte de gas e petróleo cun diámetro de máis de 800 milímetros e cunha lonxitude superior a 40 quilómetros.

g) Construción de liñas aéreas para o transporte de enerxía eléctrica cunha voltaxe igual ou superior a 220 kV e cunha lonxitude superior a 15 quilómetros.

h) Instalacións para o almacenamento de produtos petrolíferos maiores de 100.000 toneladas.

i) Instalacións para a utilización da forza do vento para a produción de enerxía (parques eólicos) que teñan 50 ou máis aerogeradores, ou que se encontren a menos de 2 quilómetros doutro parque eólico.

*Grupo 4. Industria siderúrxica e do mineral. Producción e elaboración de metais*

a) Plantas siderúxicas integrais. Instalacións para a produción de metais en bruto non ferrosos a partir de minerais, de concentrados ou de materias primas secundarias mediante procesos metalúxicos, químicos ou electrolíticos.

b) Instalacións destinadas á extracción de amianto, así como o tratamento e transformación do amianto e dos produtos que conteñen amianto: para os produtos de amianto-cemento, cunha produción anual de máis de 20.000 toneladas de produtos acabados; para os usos do amianto como materiais de fricción, cunha produción anual de máis de 50 toneladas de produtos acabados; para os demais usos do amianto, unha utilización anual de máis de 200 toneladas.

c) Instalacións para a produción de lingotes de ferro ou de aceiro (fusión primaria ou secundaria), incluídas as instalacións de fundición continua dunha capacidade de máis de 2,5 toneladas por hora.

d) Instalacións para a elaboración de metais ferrosos nas que se realice algunha das seguintes actividades:

1.ª Laminado en quente cunha capacidade superior a 20 toneladas de aceiro en bruto por hora.

2.ª Forxado con martelos cunha enerxía de impacto que sexa superior a 50 quiloxulios por martelo e cando a potencia térmica utilizada sexa superior a 20 MW.

3.ª Aplicación de capas protectoras de metal fundido cunha capacidade de tratamento de máis de 2 toneladas de aceiro bruto por hora.

e) Fundicións de metais ferrosos cunha capacidade de produción de máis de 20 toneladas por día.

f) Instalacións para a fundición (incluída a aliaxe) de metais non ferrosos, con excepción de metais preciosos, incluídos os produtos de recuperación (refinación, restos de fundición, etc.), cunha capacidade de fusión de máis de 4 toneladas para o chumbo e o cadmio ou 20 toneladas para tódolos demais metais, por día.

g) Instalacións para o tratamento da superficie de metais e materiais plásticos por proceso electrolítico ou químico, cando o volume das cubetas empregadas para o tratamento sexa superior a 30 metros cúbicos.

h) Instalacións de calcinación e de sinterizado de minerais metálicos, con capacidade superior a 5.000 toneladas por ano de mineral procesado.

i) Instalacións para a fabricación de cemento ou de clinker en fornos rotatorios, cunha capacidade de produción superior a 500 toneladas diarias, ou de clinker en fornos doutro tipo, cunha capacidade de produción superior a 50 toneladas ó día. Instalacións dedicadas á fabricación de cal en fornos rotatorios, cunha capacidade de produción superior a 50 toneladas por día.

j) Instalacións para a fabricación de vidro, incluída a fibra de vidro, cunha capacidade de fusión superior a 20 toneladas por día.

k) Instalacións para a fundición de substancias minerais, incluída a produción de fibras minerais, cunha capacidade de fundición superior a 20 toneladas por día.

l) Instalacións para a fabricación de produtos cerámicos mediante enforado, en particular, tellas, ladrillos,

ladrillos refractarios, azulexos, gres ou porcelana, cunha capacidade de produción superior a 75 toneladas por día e/ou cunha capacidade de enfornado de máis de 4 metros cúbicos e máis de 300 quilogramos por metro cúbico de densidade de carga por forno.

*Grupo 5. Industria química, petroquímica, téxtil e papeleira*

a) Instalacións químicas integradas, é dicir, instalacións para a fabricación a escala industrial de substancias mediante transformación química, nas que se encontran xuxtapostas varias unidades vinculadas funcionalmente entre si, e que se utilizan para:

- 1.<sup>a</sup> A produción de produtos químicos orgánicos básicos.
- 2.<sup>a</sup> A produción de produtos químicos inorgánicos básicos.
- 3.<sup>a</sup> A produción de fertilizantes a base de fósforo, nitróxeno ou potasio (fertilizantes simples ou compostos).
- 4.<sup>a</sup> A produción de produtos fitosanitarios básicos e de biocidas.
- 5.<sup>a</sup> A produción de produtos farmacéuticos básicos mediante un proceso químico ou biolóxico.
- 6.<sup>a</sup> A produción de explosivos.

b) Tubaxes para o transporte de produtos químicos cun diámetro de máis do 800 milímetros e cunha lonxitude superior a 40 quilómetros.

c) Instalacións para o almacenamento de produtos petroquímicos ou químicos, cunha capacidade de, alomenos, 200.000 toneladas.

d) Plantas para o tratamento previo (operacións tales como o lavado, branqueo, mercerización) ou para a tinguidura de fibras ou produtos téxtiles cando a capacidade de tratamento supere as 10 toneladas diarias.

e) As plantas para o curtume de peles e coiros cando a capacidade de tratamento supere as 12 toneladas de produtos acabados por día.

f) Plantas industriais para:

- 1.<sup>o</sup> A produción de pasta de papel a partir de madeira ou doutras materias fibrosas similares.
  - 2.<sup>o</sup> A produción de papel e cartón, cunha capacidade de produción superior a 200 toneladas diarias.
- g) Instalacións de produción e tratamento de celulosa cunha capacidade de produción superior a 20 toneladas diarias.

*Grupo 6. Proxectos de infraestructuras*

a) Estradas:

- 1.<sup>o</sup> Construción de autoestradas e autovías, vías rápidas e estradas convencionais de novo trazado.
- 2.<sup>o</sup> Actuacións que modifiquen o trazado de autoestradas, autovías, vías rápidas e estradas convencionais preexistentes nunha lonxitude continuada de máis de 10 quilómetros.
- 3.<sup>o</sup> Ampliación de estradas convencionais que impliquen a súa transformación en autoestrada, autovía ou estrada de dobre calzada nunha lonxitude continuada de máis de 10 quilómetros.

b) Construción de liñas de ferrocarril para tráfico de longo percorrido.

c) Construción de aeroportos con pistas de despegamento e aterraxe dunha lonxitude de, alomenos, 2.100 metros.

d) Portos comerciais, pesqueiros ou deportivos.

e) Espigóns e pantaláns para carga e descarga conectados a terra que admitan barcos de arqueo superior a 1.350 toneladas.

f) Obras costeiras destinadas a combater a erosión e obras marítimas que poidan altera-la costa, por exemplo, pola construción de diques, espigóns e outras obras de defensa contra o mar, excluídos o mantemento e a reconstrución de tales obras, cando estas estruturas alcancen unha profundidade de, alomenos, 12 metros con respecto á baixamar máxima viva equinoccial.

*Grupo 7. Proxectos de enxeñería hidráulica e de xestión da auga*

a) Presas e outras instalacións destinadas a rete-la auga ou almacenala permanentemente cando o volume novo ou adicional de auga almacenada sexa superior a 10.000.000 de metros cúbicos.

b) Proxectos para a extracción de augas subterráneas ou a recarga artificial de acuíferos, se o volume anual de auga extraída ou achegada é igual ou superior a 10.000.000 de metros cúbicos.

c) Proxectos para o transvasamento de recursos hídricos entre bacías fluviais, excluídos os transvasamentos de auga potable por tubaxe, en calquera dos seguintes casos:

1.<sup>o</sup> Que o transvasamento teña por obxecto evita-la posible escaseza de auga e o volume de auga transvasada sexa superior a 100.000.000 de metros cúbicos ó ano.

2.<sup>o</sup> Que o fluxo medio plurianual da bacía da extracción supere os 2.000.000.000 de metros cúbicos ó ano e o volume de auga transvasada supere o 5 por 100 do dito fluxo.

3.<sup>o</sup> En tódolos demais casos, cando algunha das obras que constitúe o transvasamento figure entre as comprendidas neste anexo I.

d) Plantas de tratamento de augas residuais cunha capacidade que sexa superior a 150.000 habitantes-equivalentes.

e) Perforacións profundas para o abastecemento de auga cando o volume de auga extraída sexa superior a 10.000.000 de metros cúbicos.

*Grupo 8. Proxectos de tratamento e xestión de residuos*

a) Instalacións de incineración de residuos perigosos [definidos no artigo 3.c) da Lei 10/1998, do 21 de abril, de residuos], así como as de eliminación dos ditos residuos mediante depósito en vertedoiro, depósito de seguridade ou tratamento químico (como se define no epígrafe D9 do anexo IIA da Directiva 75/442/CEE, do Consello, do 15 de xullo, relativa ós residuos).

b) Instalacións de incineración de residuos non perigosos ou de eliminación dos ditos residuos mediante tratamento químico (como se define no epígrafe D9 do anexo IIA da Directiva 75/442/CEE), cunha capacidade superior a 100 toneladas diarias.

c) Vertedoiros de residuos non perigosos que reciban máis de 10 toneladas por día ou que teñan unha capacidade total de máis de 25.000 toneladas, excluídos os vertedoiros de residuos inertes.

*Grupo 9. Outros proxectos*

a) Transformacións de uso do solo que impliquen eliminación da cuberta vexetal arbustiva, cando as ditas transformacións afecten a superficies superiores a 100 hectáreas.

b) Os seguintes proxectos correspondentes a actividades listadas no anexo I que, non alcanzando os valores dos limiares establecidos nel, se desenvolvan en zonas especialmente sensibles, designadas en aplicación da Directiva 79/409/CEE, do Consello, do 2 de abril,

relativa á conservación das aves silvestres, e da Directiva 92/43/CEE, do Consello, do 21 de maio, relativa á conservación dos hábitats naturais e da fauna e flora silvestres, ou en brañas incluídas na lista do Convenio de Ramsar:

1.º Primeiras repoboacións forestais cando entrañen riscos de graves transformacións ecolóxicas negativas.

2.º Proxectos para destinar terreos incultos ou áreas seminaturais á explotación agrícola intensiva que impliquen a ocupación dunha superficie maior de 10 hectáreas.

3.º Proxectos de xestión de recursos hídricos para a agricultura, con inclusión de proxectos de rega ou de desaugamento de terreos, cando afecten unha superficie maior de 10 hectáreas.

4.º Transformacións de uso do solo que impliquen eliminación da cuberta vexetal cando as ditas transformacións afecten superficies superiores a 10 hectáreas.

5.º Concentracións parcelarias.

6.º Explotacións e fronteiras dunha mesma autorización ou concesión a ceo aberto de xacementos minerais e demais recursos xeolóxicos das seccións A, B, C e D, o aproveitamento das cales está regulado pola Lei de minas e normativa complementaria, cando a superficie de terreo afectado pola explotación supere as 2,5 hectáreas ou a explotación se atope situada en terreo de dominio público hidráulico, ou na zona de policía dun leito.

7.º Tubaxes para o transporte de produtos químicos e para o transporte de gas e petróleo cun diámetro de máis do 800 milímetros e unha lonxitude superior a 10 quilómetros.

8.º Liñas aéreas para o transporte de enerxía eléctrica cunha lonxitude superior a 3 quilómetros.

9.º Parques eólicos que teñan máis de 10 aerogeneradores.

10. Plantas de tratamento de augas residuais.

c) Os proxectos que se citan a seguir, cando se desenvolvan en zonas especialmente sensibles, designadas en aplicación das Directivas 79/409/CEE e 92/43/CEE ou en brañas incluídas na lista do Convenio de Ramsar:

1.º Instalacións para a produción de enerxía hidroeléctrica.

2.º Construción de aeródromos.

3.º Proxectos de urbanizacións e complexos hoteleiros fóra das zonas urbanas e construcións asociadas, incluída a construción de centros comerciais e de aparcadoiros.

4.º Pistas de esquí, remontes e teleféricos e construcións asociadas.

5.º Parques temáticos.

6.º Vertedoiros de residuos non perigosos non incluídos no grupo 8 deste anexo I, así como de residuos inertes que ocupen máis de 1 hectárea de superficie medida en verdadeira magnitude.

7.º Obras de canalización e proxectos de defensa de cursos naturais.

8.º Instalacións de conducción de auga a longa distancia cando a lonxitude sexa maior de 10 quilómetros e a capacidade máxima de conducción sexa superior a 5 metros cúbicos/segundo.

9.º Concentracións parcelarias.

Nota: o fraccionamento de proxectos de igual natureza e realizados no mesmo espazo físico non impedirá a aplicación dos limiares establecidos neste anexo; para eses efectos acumularanse as magnitudes ou dimensións de cada un dos proxectos considerados.

## ANEXO II

### Proxectos recollidos no número 2 do artigo 1

#### *Grupo 1. Agricultura, silvicultura, acuicultura e gandería*

a) Proxectos de concentración parcelaria (excepto os incluídos no anexo I).

b) Primeiras repoboacións forestais cando comporten riscos de graves transformacións ecolóxicas negativas (proxectos non incluídos no anexo I).

c) Proxectos de xestión de recursos hídricos para a agricultura, con inclusión de proxectos de rega ou de desaugamento de terreos cando afecten a unha superficie maior de 10 hectáreas (proxectos non incluídos no anexo I), ou ben proxectos de consolidación e mellora de regadíos de máis de 100 hectáreas.

d) Proxectos para destinar áreas seminaturais á explotación agrícola intensiva non incluídos no anexo I.

e) Instalacións para a acuicultura intensiva que teñan unha capacidade de produción superior a 500 toneladas ó ano.

#### *Grupo 2. Industrias de produtos alimenticios*

a) Instalacións industriais para a elaboración de graxas e aceites vexetais e animais, sempre que na instalación se dean de forma simultánea as circunstancias seguintes:

1.<sup>a</sup> Que estea situada fóra de polígonos industriais.

2.<sup>a</sup> Que se encontre a menos de 500 metros dunha zona residencial.

3.<sup>a</sup> Que ocupe unha superficie de, alomenos, 1 hectárea.

b) Instalacións industriais para o envasado e enlatado de produtos animais e vexetais. Instalacións con materia prima que sexa animal, exceptuado o leite, cunha capacidade de produción superior a 75 toneladas por día de produtos acabados, e instalacións con materia prima que sexa vexetal cunha capacidade de produción superior a 300 toneladas por día de produtos acabados (valores medios trimestrais).

c) Instalacións industriais para fabricación de produtos lácteos, sempre que a instalación reciba unha cantidade de leite superior a 200 toneladas por día (valor medio anual).

d) Instalacións industriais para a fabricación de cerveza e malta, sempre que na instalación se dean de forma simultánea as circunstancias seguintes:

1.<sup>a</sup> Que estea situada fóra de polígonos industriais.

2.<sup>a</sup> Que se encontre a menos de 500 metros dunha zona residencial.

3.<sup>a</sup> Que ocupe unha superficie de, alomenos, 1 hectárea.

e) Instalacións industriais para a elaboración de marmeladas e xaropes, sempre que na instalación se dean de forma simultánea as circunstancias seguintes:

1.<sup>a</sup> Que estea situada fóra de polígonos industriais.

2.<sup>a</sup> Que se encontre a menos de 500 metros dunha zona residencial.

3.<sup>a</sup> Que ocupe unha superficie de, alomenos, 1 hectárea.

f) Instalacións para o sacrificio e/ou despezamento de animais cunha capacidade de produción de canais superior a 50 toneladas por día.

g) Instalacións industriais para a fabricación de féculas, sempre que se dean de forma simultánea as circunstancias seguintes:

- 1.<sup>a</sup> Que estea situada fóra de polígonos industriais.
- 2.<sup>a</sup> Que se atope a menos de 500 metros dunha zona residencial.
- 3.<sup>a</sup> Que ocupe unha superficie de, alomenos, 1 hectárea.

h) Instalacións industriais para a fabricación de fariña de peixe e aceite de peixe, sempre que na instalación se dean de forma simultánea as circunstancias seguintes:

- 1.<sup>a</sup> Que estea situada fóra de polígonos industriais.
- 2.<sup>a</sup> Que se atope a menos de 500 metros dunha zona residencial.
- 3.<sup>a</sup> Que ocupe unha superficie de, alomenos, 1 hectárea.

i) Fábricas de azucre cunha capacidade de tratamento de materia prima superior ás 300 toneladas diarias.

### *Grupo 3. Industria extractiva*

a) Perforacións profundas, con excepción das perforacións para investiga-la estabilidade dos solos, en particular:

- 1.º Perforacións xeotérmicas.
- 2.º Perforacións para o almacenamento de residuos nucleares.
- 3.º Perforacións para o abastecemento de auga.

b) Instalacións industriais no exterior para a extracción de carbón, petróleo, gas natural, minerais e lousas bituminosas.

c) Instalacións industriais no exterior e no interior para a gasificación do carbón e lousas bituminosas.

d) Dragaxes mariñas para a obtención de area (proxectos non incluídos no anexo I).

e) Explotacións (non incluídas no anexo I) que se atopen situadas en terreo de dominio público hidráulico para extraccións superiores a 20.000 metros cúbicos/año ou en zona de policía de leitos que teñan unha superficie maior de 5 hectáreas.

f) Dragaxes fluviais (non incluídas no anexo I) cando o volume de produto extraído sexa superior a 100.000 metros cúbicos.

### *Grupo 4. Industria enerxética*

a) Instalacións industriais para o transporte de gas, vapor e auga quente; transporte de enerxía eléctrica mediante liñas aéreas (proxectos non incluídos no anexo I), que teñan unha lonxitude superior a 3 quilómetros.

b) Fabricación industrial de briquetas de hulla e de lignito.

c) Instalacións para a produción de enerxía hidroeléctrica (cando, segundo o establecido no anexo I, non o esixa calquera das obras que constitúen a instalación).

d) Instalacións de oleodutos e gasodutos (proxectos non incluídos no anexo I), excepto en solo urbano, que teñan unha lonxitude superior a 10 quilómetros.

e) Almacenamento de gas natural sobre o terreo. Tanques con capacidade unitaria superior a 200 toneladas.

f) Almacenamento subterráneo de gases combustibles. Instalacións con capacidade superior a 100 metros cúbicos.

g) Instalacións para o procesamento e almacenamento de residuos radioactivos (que non estean incluídas no anexo I).

h) Parques eólicos non incluídos no anexo I.

i) Instalacións industriais para a produción de electricidade, vapor e auga quente con potencia térmica superior a 100 MW.

### *Grupo 5. Industria siderúrxica e do mineral. Producción e elaboración de metais*

a) Fornos de coque (destilación seca do carbón).

b) Instalacións para a produción de amianto e para a fabricación de produtos baseados no amianto (proxectos non incluídos no anexo I).

c) Instalacións para a fabricación de fibras minerais artificiais.

d) Estaleiros.

e) Instalacións para a construción e reparación de aeronaves.

f) Instalacións para a fabricación de material ferroviario.

g) Instalacións para a fabricación e montaxe de vehículos de motor e fabricación de motores para vehículos.

h) Embutido de fondo mediante explosivos ou expansores do terreo.

### *Grupo 6. Industria química, petroquímica, téxtil e papeleira*

a) Tratamento de produtos intermedios e produción de produtos químicos.

b) Produción de pesticidas e produtos farmacéuticos, pinturas e vernices, elastómeros e peróxidos.

c) Instalacións de almacenamento de produtos petroquímicos e químicos (proxectos non incluídos no anexo I).

d) Fabricación e tratamento de produtos a base de elastómeros.

### *Grupo 7. Proxectos de infraestructuras*

a) Proxectos de zonas industriais.

b) Proxectos de urbanizacións e complexos hoteleiros fóra das zonas urbanas e construcións asociadas, incluída a construción de centros comerciais e de aparcadoiros (proxectos non incluídos no anexo I).

c) Construción de liñas de ferrocarril, de instalacións de transbordo intermodal e de terminais intermodais (proxectos non incluídos no anexo I).

d) Construción de aeródromos (proxectos non incluídos no anexo I).

e) Obras de alimentación artificial de praias cun volume de achega de area que supere os 500.000 metros cúbicos ou ben que requiran a construción de diques ou espigóns (proxectos non incluídos no anexo I).

f) Tranvías, metros aéreos e subterráneos, liñas suspendidas ou liñas similares dun determinado tipo, que sirvan exclusiva ou principalmente para o transporte de pasaxeiros.

### *Grupo 8. Proxectos de enxeñería hidráulica e de xestión da auga*

a) Extracción de augas subterráneas ou recarga de acuíferos cando o volume anual de auga extraída ou achegada sexa superior a 1.000.000 de metros cúbicos (proxectos non incluídos no anexo I).

b) Proxectos para o transvasamento de recursos hídricos entre bacías fluviais cando o volume de auga transvasada sexa superior a 5.000.000 de metros cúbicos. Exceptúanse os transvasamentos de auga potable por tubaxe ou a reutilización directa de augas depuradas (proxectos non incluídos no anexo I).



c) Construcción de vías navegables, portos de navegación interior, obras de canalización e proxectos de defensa de leitos e marxes cando a lonxitude total do tramo afectado sexa superior a 2 quilómetros e non se encontran entre os supostos recollidos no anexo I. Excepciónanse aquelas actuacións que se executen para evita-lo risco en zona urbana.

d) Plantas de tratamento de augas residuais superiores a 10.000 habitantes-equivalentes.

e) Instalacións de desalgación ou desalobración de auga cun volume novo ou adicional superior a 3.000 metros cúbicos/día.

f) Instalacións de conducción de auga a longa distancia cando a lonxitude sexa maior de 40 quilómetros e a capacidade máxima de conducción sexa superior a 5 metros cúbicos/segundo (proxectos non incluídos no anexo I).

g) Presas e outras instalacións destinadas a rete-la auga ou a almacenala, sempre que se dea algún dos seguintes supostos:

1.º Grandes presas segundo se definen no Regulamento técnico de seguridade de presas e encoros, cando non se atopen incluídas no anexo I.

2.º Outras instalacións destinadas a rete-la auga, non incluídas no número anterior, con capacidade de almacenamento, novo ou adicional, superior a 200.000 metros cúbicos.

#### *Grupo 9. Outros proxectos*

a) Pistas permanentes de carreiras e de probas para vehículos motorizados.

b) Instalacións de eliminación de residuos non incluídas no anexo I.

c) Depósitos de lodos.

d) Instalacións de almacenamento de chatarra, incluídos vehículos de refugallo e instalacións de desmantelamento.

e) Instalacións ou bancos de proba de motores, turbinas ou reactores.

f) Instalacións para a recuperación ou destrucción de substancias explosivas.

g) Pistas de esquí, remontes e teleféricos e construcións asociadas (proxectos non incluídos no anexo I).

h) Campamentos permanentes para tendas de campaña ou caravanas.

i) Parques temáticos (proxectos non incluídos no anexo I).

j) Recuperación de terras ó mar.

k) Calquera cambio ou ampliación dos proxectos que figuran nos anexos I e II, xa autorizados, executados ou en proceso de execución que poidan ter efectos adversos significativos sobre o ambiente, é dicir, cando se produza algunha das incidencias seguintes:

1.<sup>a</sup> Incremento significativo das emisións á atmosfera.

2.<sup>a</sup> Incremento significativo das verteduras a leitos públicos ou ó litoral.

3.<sup>a</sup> Incremento significativo da xeración de residuos.

4.<sup>a</sup> Incremento significativo na utilización de recursos naturais.

5.<sup>a</sup> Afección a áreas de especial protección designadas en aplicación das Directivas 79/409/CEE e 92/43/CEE, ou a brañas incluídas na lista do Convenio Ramsar.

l) Os proxectos do anexo I que serven exclusiva ou principalmente para desenvolver ou ensaiar novos méto-

dos ou produtos e que non se utilicen por máis de dous anos.

Nota: o fraccionamento de proxectos de igual natureza e realizados no mesmo espacio físico non impedirá a aplicación dos limiares establecidos neste anexo, para efectos do cal se acumularán as magnitudes ou dimensións de cada un dos proxectos considerados.

## **ANEXO III**

### **Criterios de selección recollidos no número 2 do artigo 1**

#### *1. Características dos proxectos*

As características dos proxectos deberán considerarse, en particular, desde o punto de vista:

a) Do tamaño do proxecto.

b) Da acumulación con outros proxectos.

c) Da utilización de recursos naturais.

d) Da xeración de residuos.

e) Da contaminación e outros inconvenientes.

f) Do risco de accidentes, considerando en particular as substancias e as tecnoloxías utilizadas.

#### *2. Localización dos proxectos*

A sensibilidade ambiental das áreas xeográficas que poidan verse afectadas polos proxectos deberá considerarse tendo en conta, en particular:

a) O uso existente do solo.

b) A relativa abundancia, calidade e capacidade rexenerativa dos recursos naturais da área.

c) A capacidade de carga do medio natural, con especial atención ás áreas seguintes:

1.<sup>a</sup> Brañas.

2.<sup>a</sup> Zonas costeiras.

3.<sup>a</sup> Áreas de montaña e de bosque.

4.<sup>a</sup> Reservas naturais e parques.

5.<sup>a</sup> Áreas clasificadas ou protexidas pola lexislación do Estado ou das comunidades autónomas; áreas de especial protección designadas en aplicación das Directivas 79/409/CEE e 92/43/CEE.

6.<sup>a</sup> Áreas nas que se superaron xa os obxectivos de calidade ambiental establecidos na lexislación comunitaria.

7.<sup>a</sup> Áreas de gran densidade demográfica.

8.<sup>a</sup> Paisaxes con significación histórica, cultural e/ou arqueolóxica.

#### *3. Características do potencial impacto*

Os potenciais efectos significativos dos proxectos deben considerarse en relación cos criterios establecidos nos anteriores números 1 e 2, e tendo presente en particular:

a) A extensión do impacto (área xeográfica e tamaño da poboación afectada).

b) O carácter transfronteirizo do impacto.

c) A magnitude e complexidade do impacto.

d) A probabilidade do impacto.

e) A duración, frecuencia e reversibilidade do impacto.